



## Concello de Cospeito

**ANUNCIO:** Aprobar a proposta do tribunal do proceso selectivo correspondente a praza de peón de estabilización de emprego temporal do concello de Cospeito incluída na Oferta de emprego pública de 2022

Por Resolución de Alcaldía 2022-0262 acordouse aprobar a Oferta de emprego público extraordinaria de estabilización de emprego do Concello de Cospeito ( Lugo) de conformidade co disposto na Lei 20/2021.

Por Resolución de Alcaldía 2022-0861 de data 26/12/2022 aprobanse as bases xerais e específicas que regulan as convocatorias de diversos procesos selectivos correspondentes as prazas de estabilización de emprego temporal do concello de Cospeito incluídas na Oferta de emprego pública de 2022, publicadas no BOP de Lugo o 31 de decembro de 2022.

Visto o anuncio da convocatoria publicado no BOE nº241 o 5 de outubro de 2024 e no DOG nº194 o 8 de outubro de 2024

Vista a Resolución de Alcaldía 2024-0804 de data 11 de novembro de 2024 ca relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos dos procesos selectivos correspondentes as prazas de estabilización de emprego temporal do concello de Cospeito incluídas na Oferta de emprego pública de 2022, publicada no BOP en data 16 de novembro de 2024

Vista a Resolución de Alcaldía 2024-0804 de data 11 de novembro de 2024 ca relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos dos procesos selectivos correspondentes as prazas de estabilización de emprego temporal do concello de Cospeito incluídas na Oferta de emprego pública de 2022, publicada no BOP en data 5 de decembro de 2024

Vistas as acta de baremación dos méritos do concurso do tribunal de data 16 de decembro 2024.

Visto que no proceso de estabilización de emprego temporal do Concello de Cospeito incluída na oferta de emprego público de 2022 ditouse a Resolución de Alcaldía número 2024-0954 de 26 de decembro de 2024 na que se resolve

(...)

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO:** Aprobar a proposta do Tribunal respecto da contratación dos seguintes candidatos, como persoal laboral fixo :

(..)

**-2 PRAZAS Nº3 PEÓN:**

| Nome e apelidos          | DNI                |
|--------------------------|--------------------|
| MIGUEL<br>FERNANDEZ DIAZ | ANGEL<br>33*****4F |

Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 Lugo. Tfno. 982520001. Fax: 982520102





## Concello de Cospeito

|                    |        |           |
|--------------------|--------|-----------|
| MANUEL<br>GONZALEZ | CASTRO | 33*****3J |
|--------------------|--------|-----------|

(..)

Vista a Resolución de Alcaldía número 2025-041 de 30 de xaneiro de 2025, que literalmente se transcribe:

(...)

*Visto que o candidato proposto para a contratación como persoal laboral fixo como Peón , Don Miguel Ángel Fernández Díaz presentou dentro de prazo a documentación requirida na citada Resolución e nas bases, coa excepción do certificado médico, que non presentou por causa xustificada de forza maior ao encontrarse o mesmo na situación de incapacidade temporal. (...)*

*Vista que está debidamente acreditado que Don Miguel Ángel Fernández Díaz encontrábase en situación de incapacidade temporal, que non é causa de incapacitación funcional, o que permitirá a súa contratación como persoal laboral fixo unha vez finalice a causa que xustifica a súa incapacidade temporal e que supón causa xustificada de forza maior á que se refire o artigo 23.2 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisións de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado. Visto que nestes casos é necesario prorrogar o prazo para a acreditación dos requisitos exixidos na convocatoria ata o cese da causa que motiva esa forza maior.*

(...)RESOLVO:

(...)

**TERCEIRO-** *Prorrogar o prazo para a presentación da documentación requirida para a contratación como persoal laboral fixo como Peón de Don Miguel Ángel Fernández Díaz, ata que cese a causa xustificada de forza maior que impide a presentación da referida documentación. A prórroga será de 5 días hábiles a contar dende o día seguinte ó cese da causa xustificada de forza maior.*

(...)

Visto que o candidato proposto para a contratación como persoal laboral fixo como Peón , Don Miguel Ángel Fernández Díaz presenta un escrito con nº Rexistro de Entrada nº 413 en data 5 de marzo de 2025 comunicando a Resolución do INSS pola que en data 13 de febreiro de 2025 por a que se lle aproba a pensión de incapacidade Permanente no grado de Absoluta para todo traballo. Con efectos económicos de data 22 de agosto de 2024.

Vista a Resolución de Alcaldía número 2025-156 de 10 de marzo de 2025, que

Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 Lugo. Tfno. 982520001. Fax: 982520102





## Concello de Cospeito

literalmente se transcribe:

(...)

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Anular todas as actuacións do proceso de estabilización de emprego temporal do Concello de Cospeito incluídas na oferta de emprego público de 2022 no que se refire o aspirante Don Miguel Ángel Fernández Díaz, por as razóns expostas nos antecedentes do presente acordo, deixando constancia expresa de que a relación laboral de Don Miguel Ángel Fernández Díaz con este Concello finalizou en data 13 de febreiro de 2025, data da Resolución do INSS polo que se lle recoñece unha incapacidade absoluta, sen que se prevea que a situación de incapacidade vaia a der obxecto de revisión por melloría , que permita a reincorporación o posto de traballo antes de dous anos.

**SEGUNDO.-** Requerir o Tribunal de selección dos procesos selectivos correspondentes as prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Cospeito incluídas na oferta de emprego público de 2022 a relación complementaria do aspirante que siga aos propostos para o seu posible nomeamento tal e como reza a cláusula 8.2 das bases do proceso selectivo, na praza número 3 de Peón.

(...)

Vista a acta deste Tribunal de data 10 de marzo de 2025, que literalmente se transcribe:

(...)Vista a acta deste Tribunal de data 16 de decembro de 2024 , na que se recolle a valoración de méritos do proceso selectivo e que en relación a praza de peón figura o seguinte resultado:

### **-PRAZA Nº3 PEÓN:**

| Nome e apelidos             | DNI       | Proba galego | Experiencia | Formación | Total |
|-----------------------------|-----------|--------------|-------------|-----------|-------|
| MIGUEL ANGEL FERNANDEZ DIAZ | 33*****4F | EXENTO       | 70          | 30        | 100   |
| MANUEL CASTRO GONZALEZ      | 33*****3J | NON EXENTO   | 70          | 30        | 100   |
| ROBERTO BLANCO DIAZ         | 33*****1Q | NON EXENTO   | 10,76       | 30        | 40,76 |

O Tribunal por unanimidade acorda, declarar aprobado e propoñer para a súa contratación como persoal laboral fixo da praza **-PRAZA Nº3 PEÓN a :**

| Nome e apelidos | DNI | Proba galego | Experiencia | Formación | Total |
|-----------------|-----|--------------|-------------|-----------|-------|
|-----------------|-----|--------------|-------------|-----------|-------|

Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 Lugo. Tfno. 982520001. Fax: 982520102





## Concello de Cospeito

|                     |           |      |       |    |       |
|---------------------|-----------|------|-------|----|-------|
| ROBERTO BLANCO DIAZ | 33*****1Q | APTO | 10,76 | 30 | 40,76 |
|---------------------|-----------|------|-------|----|-------|

(...)

Vista a base xeral 8.1, que regula o presente proceso selectivo, que sinala "(...)" 8.1. Finalizado o proceso de selección, o Tribunal Cualificador elevará a relación de aprobados, pola orde de puntuación acadado, con indicación do documento nacional de identidade na forma prevista legalmente para a protección dos datos de carácter persoal, así como as notas parciais de todas e cada unha das fases do proceso selectivo, ao órgano competente para a resolución do proceso selectivo, que así mesmo ordenará a súa publicación no BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE LUGO, no taboleiro de edictos e na web municipal: [www.concellodecospeito.es](http://www.concellodecospeito.es) e na sede electrónica. "

Vista a base xeral 9.1 que regula o presente proceso selectivo, que sinala "(...)" No prazo de vinte días hábiles, a contar desde o día seguinte a aquel en que se fixese pública a relación definitiva de aspirantes aprobados no taboleiro de edictos municipal e na web municipal e no BOP, os aspirantes propostos achegarán os documentos que a continuación se relacionan:

- No caso de aspirantes que concorresen ás probas selectivas por tratarse de cónxuxes. ou descendentes do cónxuxe , de españois ou nacionais de países membros da Unión Europea. de acordo con a base 2.1.a , deberán presentar os documentos expedidos polas autoridades competentes que acrediten o vínculo de parentesco e unha declaración xurada ou promesa do español ou do nacional da Unión Europea co que existe este vínculo. de que non está separado de dereito do seu cónxuxe e, no seu caso, do feito de que o aspirante vive ás súas expensas ou está ao seu cargo.
- Fotocopia e orixinal do título esixido nas bases específicas, ou certificación académica que acredite realizar e aprobar os estudos completos necesarios para a expedición do mesmo . No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase achegar a documentación acreditativa da súa homologación ou convalidación.
- Declaración xurada ou promesa de non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de funcións públicas por resolución xudicial para o acceso á escala , subescala, clase e categoría de funcionario no que fose separado ou inhabilitado. Os nacionais doutros Estados deberán acreditar igualmente non acharse inhabilitados ou en situación equivalente nin ser sometidos a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos ,o acceso á función pública .
- Documentación acreditativa dos restantes requisitos que, no seu caso, puidesen esixirse en cada base específica.
- Fotocopia do DNI, que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsa, Certificado Médico Oficial acreditativo de non padecer enfermidade nin

## Concello de Cospeito





## Concello de Cospeito

defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto, Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e número de conta bancaria.

(..)

Por canto antecede, **RESOLVO**:

**PRIMEIRO:** Aprobar a proposta do Tribunal respecto da contratación do seguinte candidato, como persoal laboral fixo :

### **-PRAZA Nº3 PEÓN:**

|                     |           |
|---------------------|-----------|
| Nome e apelidos     | DNI       |
| ROBERTO BLANCO DIAZ | 33*****1Q |

**TERCEIRO.-** Notificar ao aspirante proposto esta Resolución coa súa obriga de achegar os documentos que figuran na base novena das bases xerais no prazo de vinte días hábiles a contar dende o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, coa advertencia de que quen dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación esixida nas bases da convocatoria ou do exame da mesma deducirase que carecen dalgún dos requisitos esixidos polas mesmas, e non poderá ser contratado como persoal laboral fixo, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade na que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación, tal e como figura en dita base.

Don Armando Castosa Alvariño,  
Alcalde-presidente

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE.

Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 Lugo. Tfno. 982520001. Fax: 982520102

